Listas

Sumario

- 1 Listas
  - 1.1 Listas non numeradas
  - 1.2 Listas numeradas
  - 1.3 Listas de definición
  - 1.4 Aniñar listas
- 2 Sistemas Operativos: Windows Windows Vista Windows XP Windows 98 Linux MacOS X

Listas

As listas existen dende sempre na linguaxe HTML, vexamos os tipos existentes:

Listas non numeradas

As listas non numeradas empréganse para coleccións de elementos relacionados que aparecen sen ningún tipo de orde determinada. En (X)HTML as listas non numeradas indícanse co elemento **<ul>** (*Unnumbered List*). O contido dun <ul> limítase a un ou máis elementos de lista **<li>** (*List Item*). Estes elementos de lista **son elementos de bloque**, polo que sempre se mostrarán nunha nova liña.

- ***ul*:**

  * ... *
  Atributos: *id*, *class*, *style*, *title*
  Atributos obsoletos:
  - *compact*
  - *type="disc | circle | square"*

- ***li*:**

  * ... *
  Atributos: *id*, *class*, *style*, *title*
  Atributos obsoletos:
  - *type="formato"*
  - *value="número"*

Exemplo:

```
<ul>
  <li>Listas non numeradas</li>
  <li>Listas numeradas</li>
  <li>Listas de definición</li>
</ul>
```

Recordade que en (X)HTML é obrigatorio pechar todas as etiquetas.

Listas numeradas

As listas numeradas empréganse para listas nas que a secuencia dos elementos é importante. As listas numeradas indícanse co elemento **<ol>** (*Ordered List*) e deben incluír un ou máis elementos de lista (<li>). Trátanse de elementos de bloque.

- ***ol*:**

  * ... *
  Atributos: *id*, *class*, *style*, *title*
  Atributos obsoletos:
  - *compact*
  - *start="number"*
  - *type = "1 | A | a | I | i"*

Exemplo:

```
<ol>
  <li>Instalar o sistema operativo</li>
  <li>Actualizar o sistema operativo</li>
  <li>Instalar o resto do software</li>
 </ol>
```

Recordade que en (X)HTML é obrigatorio pechar todas as etiquetas.

Listas de definición

Este tipo emprégase para listas que consisten en parellas de termos e definicións. As listas de definición están marcadas como elementos **<dl>** (*Definition List*). O contido dun *dl* é algún número de termos (indicados polo elemento **<dt>** - *Definition Term*) e definicións (indicados polo elemento **<dd>**). O elemento *dt* (termo) só pode conter elementos en liña. Todos os elementos empregados nas listas de definición son elementos a nivel de bloque e comezarán por unha nova liña.

- ***dl*:**

  <dl> ... </dl>
  Atributos: *id*, *class*, *style*, *title*, *compact*

- ***dd*:**

  <dd> ... </dd>
  Atributos: *id*, *class*, *style*, *title*

A estrutura das listas de definición é algo distinta das listas vistas ata o de agora. Estas listas están compostas por elementos *dt* e *dd*, e estes elementos contidos nun elemento *dl*, tal e como pode verse no seguinte exemplo:

Exemplo:

```
<dl>
  <dt>em</dt>
    <dd>Indica texto enfatizado. Renderízase en cursiva.</dd>
  <dt>strong</dt>
    <dd>Indica texto moi enfatizado. Renderízase en negra.</dd>
 </dl>
```

> Non é necesario que os termos e as definicións aparezan alternándose. Pódense introducir dous termos seguidos e logo unha definición (por exemplo).

Aniñar listas

Os elementos de listas poden aniñarse noutras listas. Por exemplo, pódese aniñar unha lista numerada nunha de definición, ou viceversa.

Vexamos un exemplo:

```
Sistemas Operativos:
<ol>
  <li>Windows
    <ul>
      <li>Windows Vista</li>
      <li>Windows XP</li>
      <li>Windows 98</li>
    </ul>
  </li>
  <li>Linux</li>
  <li>MacOS X</li>
</ol>
```

O código anterior dará como resultado:

Sistemas Operativos:

1. Windows
    - Windows Vista
    - Windows XP
    - Windows 98
2. Linux
3. MacOS X

--Vieites e Arribi 12:16 21 oct 2010 (BST)